



FACULTADE DE PSICOLOXÍA

# PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA 2021-2022

## Índice

<b>Limiar e contexto</b> .....	1
<b>Procedemento de elaboración</b> .....	2
Definición do marco estratéxico.....	2
Definición de obxectivos e actuacións.....	2
<b>Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades)</b> .....	2
Fortalezas.....	3
Debilidades .....	3
Ameazas.....	4
Oportunidades.....	5
<b>Análise CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar)</b> .....	5
Corrixir as debilidades .....	5
Afrontar as ameazas .....	5
Manter as fortalezas.....	6
Explotar as oportunidades.....	6
<b>MISIÓN, VISIÓN E VALORES</b> .....	7
MISIÓN: OBXECTIVO QUE DIRIXE AS ACTIVIDADES DO CENTRO.....	7
VISIÓN: PROXECTO DE FUTURO DESEXABLE .....	7
VALORES: PRINCIPIOS QUE REXEN AS ESTRATEXIAS PARA ALCANZAR A MISIÓN E A VISIÓN .....	7
<b>Liñas, obxectivos e accións estratéxicas</b> .....	8
LIÑA ESTRATÉXICA 1 .....	8
LIÑA ESTRATÉXICA 2.....	9
LIÑA ESTRATÉXICA 3.....	9
LIÑA ESTRATÉXICA 4.....	10
LIÑA ESTRATÉXICA 5.....	10
LIÑA ESTRATÉXICA 6.....	11
<b>ANEXO</b> .....	13
Cadros resume dos elementos que acreditan o aliñamento da proposta de Plan Estratéxico 2021-2022 da Facultade de Psicoloxía co Plan Plurianual 2019-2022 da USC, e cos seus eixes, obxectivos e accións estratéxicas prioritizadas .....	13
<i>Cadro 1: Misión, visión e valores do Plan estratéxico da Facultade – Eixes Plan Plurianual</i> .....	14
<i>Cadro 2: Liñas, obxectivos e accións do Plan Estratéxico da Facultade- Liñas e obxectivos Plan Plurianual/eixes e accións prioritizadas</i> .....	14

## Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	04/12/2020
Aprobado por	Xunta de Facultade de Psicoloxía	22/12/2020
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	03/03/2021

## Limiar e contexto

En outubro de 2021 a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) cumpre 30 anos. Pero é no curso académico 1973/74 cando comeza a impartirse formación universitaria en Psicoloxía na USC, orixinalmente como especialidade dentro da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. A partir de 1981 constitúese formalmente a Sección de Psicoloxía, que se converterá en Facultade independente en 1991.

Durante estas décadas, a Facultade evolucionou até se converter nun centro recoñecido pola calidade da súa docencia e da súa investigación.

Na actualidade, ademais do Grao en Psicoloxía (con mención en Psicoloxía da Saúde), impártense no centro: o Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, o Máster Universitario en Psicoloxía (coas especialidades en Psicoloxía Experimental e en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria) e o Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.

Como profesión, a psicoloxía experimentou un auxe importante, e foise implantando en distintos contextos, dando lugar á consolidación de perfís profesionais específicos, entre eles os da psicoloxía clínica, a psicoloxía educativa, a psicoloxía do traballo e das organizacións, psicoloxía social e comunitaria ou a psicoloxía xurídica; a isto súmanselle outros ámbitos emerxentes, como o da intervención en emerxencias e catástrofes ou a psicoloxía do deporte. As titulacións que se imparten no centro pretenden proporcionar formación que achegue aos estudantes ao coñecemento da maior parte destes ámbitos de actuación da psicoloxía.

A Facultade de Psicoloxía da USC é un centro que se caracteriza polo compromiso coa calidade da docencia e da investigación, e pola aposta decidida por fomentar a vinculación entre o contexto académico e o ámbito profesional da psicoloxía. A estas dúas características habería que engadirlle o compromiso co contexto social e coa promoción da igualdade e da sostibilidade como valores democráticos que deben guiar todas as actuacións dunha institución de educación pública.

Dacordo con esta traxectoria, a proposta de Plan Estratégico 2021-2022 da Facultade, organízase en torno a tres eixes principais:

- ✓ Poñer a calidade como meta de todas as actividades do centro: académica, investigadora, de xestión e de transferencia
- ✓ Centrarse nas persoas: nos estudantes, e no persoal, PDI e PAS; facilitando o proceso de formación académica e tamén ética e social do estudantado, e procurando unhas condicións favorables para o crecemento persoal e profesional dos seus traballadores.
- ✓ Abrirse a súa contorna, con propósitos de difusión do coñecemento, pero tamén de contribuír ao desenvolvemento social e económico da comunidade.

## Procedemento de elaboración

### Definición do marco estratéxico

Na Memoria de Calidade do curso 2018-19 definíuse como acción do Plan de Melloras Anual para 2019-20, elaborar o que ía ser o marco estratéxico da Facultade para o período 2021-2030.

Levada a cabo a reflexión inicial que correspondía ao equipo decanal, as circunstancias impediron, sin embargo, a continuidade do proceso, dado que, por mor da situación sanitaria sobrevida, non puido aprobarse o Plan Estratégico da USC, que debe servir de guía, e que establece o marco temporal, dos plans dos centros.

A Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno estableceu a posibilidade de prorrogar os plans en vigor, ou elaborar un Plan específico, cun horizonte temporal de dous anos, tomando como punto de referencia a Planificación Plurianual 2019-2022 da USC.

A Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía, na súa reunión do 13/11/2020, dado o que xa se tiña avanzado no marco estratéxico, e tendo en conta que o Plan en vigor 2011-2020 quedara xa obsoleto, por mor da consecución da meirande parte dos seus obxectivos, acordou non prorrogalo, senón propor un novo Plan, co horizonte temporal de dous anos.

### Definición de obxectivos e actuacións

A concreción dos obxectivos e das accións extratéxicas foron acordadas no seo da Comisión de Calidade do centro, que as analizou e, finalmente aprobou, na súa reunión do 4/12/2020

O resultado deste proceso foi o documento: Proposta de Plan Estratégico 2020-2022 da Facultade de Psicoloxía, enviado á Área de Calidade para que ésta emita o informe preceptivo, antes de levala a aprobación pola Xunta de Facultade. Recibiuse informe técnico favorable da área de calidade con data de 9/12/2020.

Foi finalmente ratificado, transcurrido o prazo de exposición pública, na Xunta de Facultade do día 22/12/2020, e aprobado en Consello de Goberno da USC con data x/x/x

## Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades)

A análise DAFO pretende delimitar tanto as características internas da Facultade, identificando as súas fortalezas e debilidades, como as do contexto externo, identificando as ameazas e oportunidades. A análise das oportunidades e ameazas do contorno, así como das fortalezas e debilidades do centro, é o que permite definir a estratexia do centro, visualizando cómo utilizar as fortalezas internas para aproveitar as oportunidades e defenderse das ameazas, superando os puntos febles.

## Fortalezas

As principais fortalezas da Facultade, sinaladas tanto nas avaliacións que realiza a propia USC como nos informes de avaliadores externos, serían:

- Alto nivel de implicación dos equipos decanais do centro e da Comisión de Calidade no deseño e implementación do sistema de garantía de calidade, o que levou a que en xaneiro de 2019 a Facultade acadase a Acreditación Institucional outorgada polo Consejo de Universidades.
- Alto nivel de cualificación do seu profesorado, no que atinxe á súa formación docente e ao seu labor investigador, nos ámbitos da especialidade das materias que imparten nos programas formativos da Facultade. Con respecto á capacidade docente, ponse de manifesto nas avaliacións que os propios estudantes realizan da docencia recibida, que se sitúan, regularmente, por riba da media da USC; e con respecto a capacidade investigadora, reflíctese no crecente número de publicacións, proxectos de investigación financiados e teses defendidas.
- Elevado número de convenios con dispositivos e centros para a realización das prácticas externas do alumnado de todas as titulacións do centro, asegurando, ademais, as condicións para que estas prácticas sexan maximamente congruentes co proceso formativo da Facultade, tal como se recolle nas respectivas memorias dos títulos
- Exitoso fomento de actividades formativas, no propio centro, relacionadas directamente coa práctica profesional, unha iniciativa que ten sido incluída no repositorio de Boas Prácticas da USC (convocatoria 2019); así como existencia dunha relación fluída, e proveitosa, coas organizacións profesionais da Psicoloxía.
- Elevada demanda de novo ingreso nas titulacións do centro (especialmente no Grao, e no Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria), con notas de corte en alza, e número de prazas cubertas, en primeira convocatoria, por estudantes que solicitan estes estudos en primeira opción.

## Debilidades

As principais carencias ou obstáculos do centro, con respecto á procura da excelencia, serían:

- Malia o bó nivel formativo no referente a contidos académicos, apreciase falta de formación e de experiencia, nunha porcentaxe significativa do PDI, no que atinxe ao uso das TIC para a docencia, así como a estratexias docentes innovadoras. Por exemplo, esta carencia púxose de manifesto cando as circunstancias derivadas da pandemia forzaron a necesidade de impartir docencia telematicamente.
- No mesmo sentido, a falta de formación e experiencia de parte do PAS no manexo das TIC dificultou a posibilidade de teletraballo, cando esta opción foi requerida.
- Estas carencias vense afondadas pola baixa participación dos traballadores do centro en cursos de formación específicos organizados pola USC. Esta baixa participación é consecuencia, en moitas ocasións, da dificultade de compaxinar horarios e desprazarse para asistir
- Moderada participación do estudantado nas enquisas de avaliación, así como nos órganos de xestión do centro. Malia que o nivel de participación en enquisas mostra unha tendencia á alza, ésta non resulta significativa. Do mesmo xeito, a participación en órganos de xestión é discontinua.

- Falta de adecuación das instalacións e do equipamento docente ás necesidades emerxentes da docencia. Aínda que se están a producir melloras, faltan equipos e instalacións que favorezan o uso das TIC nas aulas; así como espazos e equipos específicos nos laboratorios docentes.
- Faltan tamén instalacións e servizos para o estudiantado. Hai un limitado número de espazos para o estudo, así como para a permanencia no centro fóra da asistencia ás clases, que permita compatibilizar a vida persoal e a académica.

## Ameazas

As principais circunstancias ou factores externos que poden ameazar o desenvolvemento do centro serían:

- A pesar da implicación da Dirección do centro e da Comisión de Calidade co proceso da mellora continua do seu SGC, tamén é certo que a excesiva complexidade dos seus procedementos, e o número de actividades que demanda, fan que sexa difícil motivar a necesaria implicación de todos os membros da Facultade no seu mantemento e posta en práctica; apreciándose, incluso, unha certa desafección de parte do persoal e o estudiantado con estes procesos.
- Excesiva dependencia, para a realización das prácticas externas obrigatorias en todos os títulos da Facultade, da dispoñibilidade e a vontade da dirección dos centros de prácticas. Aínda que a experiencia é en xeral satisfactoria, tamén é certo que o persoal (psicólogos/as) destes dispositivos, que é imprescindible para completar a formación do noso estudiantado, non está a recibir axuda ou compensación significativa da USC pola súa contribución, e as contrapartidas que pode ofertar o centro son insuficientes. Este feito está a xerar un certo descontento por parte dalgúns dos centros, o que os pode levar a optar por acoller estudiantado procedente de universidades que remuneran esta colaboración.
- A situación específica da pandemia COVID, que nos afectou o pasado curso e tamén o curso presente, pode incrementar o risco de centrar as actuacións de dotación de equipamento e mellora de instalacións da USC en proxectos orientados á docencia telemática; descoidando a inversión na mellora das instalacións e na dotación de espazos adecuados para a docencia presencial.
- Aínda que os estudos de Grao e do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (por tratarse dun máster habilitante) teñen un nivel elevado de demanda, tamén é certo que existen dificultades para consolidar a matrícula nos restantes títulos de Máster do centro, o que pode conducir a que os nosos estudantes elixan outras universidades para cursar os seus estudos de postgrao, coa conseguinte perda de alumnado, e de oportunidades, que iso conlevaría para a Facultade e para a USC.

## Oportunidades

- A situación COVID, se ben pode ser unha ameaza, como se ten indicado, pode tamén ser percibida como unha oportunidade, toda vez que puxo de manifesto carencias que agora que están identificadas son mais fáciles de afrontar. Por exemplo, as carencias en coñecemento, e tamén de equipamento, relacionadas coas TIC.
- A relación acadada entre as organizacións profesionais da Psicoloxía (COPG) e a Facultade fai que se creen sinerxias beneficiosas para ambas entidades que redundan nunha mellor formación dos estudantes, e nunha maior visibilidade do labor da psicoloxía
- A concordancia no tempo coa elaboración do Plan estratéxico da USC; e o feito de que a análise da realidade do centro sexa en boa medida coincidente coas liñas do Plan Plurianual da USC, vai crear sinerxias que posibilitarán acadar dende o centro os obxectivos derivados da análise realizada.

## Análise CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar)

Unha vez identificadas as características principais que permiten definir as condicións internas e contextuais da Facultade, trátase, mediante a análise CAME, de definir os mecanismos e estratexias para: corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, manter as fortalezas e explotar as oportunidades

### Corrixir as debilidades

Os puntos febles ou debilidades detectados poden ser corrixidos utilizando os seguintes mecanismos:

- Promovendo a formación do PDI e o PAS, moi especialmente no manexo das TIC, pero tamén noutras temáticas de especial interese para o seu desempeño profesional, e procurando que esta formación se leve a cabo da maneira mais eficiente posible.
- Fomentando a comunicación cos estudantes, e cos egresados, así como a súa participación na avaliación do funcionamento e na xestión do centro.
- Mellorando as instalacións e o equipamento para axeitalos as novas necesidades da docencia e do estudiantado.

### Afrontar as ameazas

Facer fronte as ameazas detectadas require:

- Implicar e motivar a todos os colectivos na xestión dos procesos do sistema de garantía de calidade, toda vez que isto redundará nunha mellora da docencia e da formación.
- Fidelizar a participación dos centros de prácticas e comprometerlos co proceso de formación do estudiantado da Facultade, con propostas de ganancia mutua contrastada.

- Propor melloras no acondicionamento dos espazos docentes (aulas, laboratorios, salas de estudo e traballo).
- Mellorar a comunicación cara o exterior da oferta formativa do centro, e promover a difusión dos títulos que se imparten no centro no contorno nacional e tamén a nivel internacional.

### **Manter as fortalezas**

- Manter os estándares de dedicación á implantación e mellora do sistema de garantía de calidade.
- Seguir a promover os contidos formativos orientados á práctica profesional.
- Seguir a manter a colaboración cos centros de prácticas e a incrementar o número de convenios para incluír todos os eidos profesionais da Psicoloxía.

### **Explotar as oportunidades**

- Aproveitar os fondos e convocatorias da USC postos a disposición dos centros para completar equipamento en aulas e laboratorios docentes.
- Aproveitar a relación co mundo profesional, para poñer en valor as achegas da psicoloxía, e as súas contribucións á mellora da contorna social.
- Participar na elaboración do novo Plan Estratégico da USC, na búsqueda de sinerxias que permitan a consecución dos obxectivos do centro, no contorno do desenvolvemento común da USC.



## MISIÓN, VISIÓN E VALORES

### **MISIÓN: OBXECTIVO QUE DIRIXE AS ACTIVIDADES DO CENTRO**

A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ten como misión contribuir á formación integral de profesionais da Psicoloxía comprometidos coa saúde, o benestar e o desenvolvemento psicolóxico e psicosocial das persoas e da comunidade; a través da consolidación dun entorno académico que promova a xeración, aplicación e difusión dos coñecementos da disciplina.

### **VISIÓN: PROXECTO DE FUTURO DESEXABLE**

A Facultade de Psicoloxía quere consolidarse como:

- Unha Facultade de prestixio, tanto no contexto universitario como na contorna social, que destaque pola súa oferta académica e a súa actividade investigadora e de transferencia.
- Comprometida coa sociedade, capaz de responder ás demandas cambiantes do exercicio profesional, e de contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural da nosa comunidade.
- Cunha orientación centrada no estudantado e na súa formación, tanto profesional, como ética e persoal.
- Comprometida tamén coa actualización formativa e o desenvolvemento da carreira profesional dos seus traballadores/as.
- Con un funcionamento centrado nas persoas, e nas súas competencias, e na que a toma de decisións estea baseada na participación e responsabilidade dos distintos colectivos que a integran.

### **VALORES: PRINCIPIOS QUE REXEN AS ESTRATEXIAS PARA ALCANZAR A MISIÓN E A VISIÓN**

- Búsqueda da excelencia nas actividades académicas, de investigación e de transferencia
- Compromiso co código deontolóxico da Psicoloxía
- Compromiso coa transparencia, a eficacia e sostibilidade na xestión dos recursos
- Compromiso cunha xestión democrática baseada no diálogo, e na participación
- Compromiso coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminación
- Compromiso co principio de xustiza social que debe rexir unha institución pública nunha sociedade democrática

## Liñas, obxectivos e accións estratégicas

LIÑAS ESTRATÉXICAS	
1.	DESENVOLVEMENTO E ACTUALIZACIÓN PERMANENTE DA POLÍTICA E DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE
2.	MANTER UNHA OFERTA FORMATIVA ACTUALIZADA PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO DA PSICOLOXÍA
3.	ENSINANZA CENTRADA NO ESTUDANTADO, FOMENTANDO O DESENVOLVEMENTO DUNHA FORMACIÓN INTEGRAL
4.	ATENCIÓN ÁS NECESIDADES DO PDI E PAS
5.	MANTEMENTO E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS PARA A DOCENCIA ACORDE COAS NECESIDADES
6.	TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E RELACIÓN COA CONTORNA SOCIAL

LIÑA ESTRATÉXICA 1		
DESENVOLVEMENTO E ACTUALIZACIÓN PERMANENTE DA POLÍTICA E DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE		
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		ACCIÓNS ESTRATÉXICAS
1.1.	Elaborar o plan estratégico da Facultade para a vindeira década	a. Comenzar a definir os eixes estratégicos que orienten a actuación da Facultade na vindeira década, e aliñar a proposta co Plan Estratégico da USC
		b. Participar no desenvolvemento do novo Plan Estratégico da USC
1.2.	Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro	a. Revisar anualmente o axuste entre os procesos do SGC e os obxectivos estratégicos da Facultade
		b. Impulsar e manter a acreditación institucional do centro.
1.3.	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade	a. Coordinar aos grupos de interese na execución das liñas de acción do Plan
		b. Poñer en valor a importancia da xestión de calidade para o proceso de mellora continua da docencia no centro .

LIÑA ESTRATÉXICA 2.		
MANTER UNHA OFERTA FORMATIVA ACTUALIZADA PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO DA PSICOLOXÍA		
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	ACCIÓNS ESTRATÉXICAS	
2.1.	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Supervisar anualmente o cumprimento e, no seu caso, propor modificacións, das memorias de verificación dos títulos</li> <li>b. Avaliar, e no seu caso, solicitar, o axuste da oferta formativa da Facultade, as demandas emerxentes no eido profesional da psicoloxía.</li> <li>c. Manter o contacto cos profesionais en exercicio, e os empregadores, de cara a identificar necesidades e temáticas emerxentes na práctica profesional</li> </ul>
2.2.	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Promover o contacto con egresados, de cara a avaliar os índices de empregabilidade, e o axuste entre a formación recibida e as demandas do exercicio profesional</li> <li>b. Procurar novos convenios con centros e dispositivos para a realización de prácticas dos distintos títulos do centro, que poidan contribuir tanto á formación do estudantado como á súa empregabilidade; e promover a simplificación dos procesos relacionados con estes convenios e cos datos que xeneran</li> <li>c. Promover iniciativas de recoñecemento do labor formativo das persoas e das entidades colaboradoras no Practicum dos títulos da Facultade</li> </ul>

LIÑA ESTRATÉXICA 3.		
ENSINANZA CENTRADA NO ESTUDANTADO, FOMENTANDO O DESENVOLVEMENTO DUNHA FORMACIÓN INTEGRAL		
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	ACCIÓNS ESTRATÉXICAS	
3.1.	Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Deseño de actividades que permitan a incorporación da ética profesional de xeito transversal ao alumnado dos diferentes títulos do centro</li> <li>b. Fomentar a participación do estudantado en programas de formación extracurriculares, e nos programas de voluntariado</li> </ul>
3.2.	Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Deseño e desenvolvemento de contidos formativos centrados na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres</li> <li>b. Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio, nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía</li> </ul>
3.3.	Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción do SGC</li> <li>b. Incorporar novas canles de comunicación co estudantado</li> <li>c. Favorecer a integración do estudantado de novo ingreso e do estudantado con necesidades especiais</li> </ul>
3.4.	Promover horarios e calendarios que permitan un reparto axeitado da carga de traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Procura dun calendario académico harmonizado e estable</li> <li>b. Promover un reparto axeitado das tarefas e cargas docentes dos distintos cursos e semestres en cada titulación</li> </ul>

LIÑA ESTRATÉXICA 4. ATENCIÓN AS NECESIDADES DO PDI E PAS		
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		ACCIÓNS ESTRATÉXICAS
4.1.	Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI	a. Solicitar e organizar actividades para PDI que contribúan a actualización das competencias didácticas e pedagóxicas
		b. Fomentar, especificamente, a adquisición de 'novas' competencias e a adaptación de materiais docentes a novos formatos docentes
4.2.	Dotar ó centro dun número suficiente de persoal de apoio, e fomentar o proceso de formación continuada do PAS	a. Solicitar a Organización de cursos específicos para atender ás necesidades formativas do PAS do centro, que permita á actualización das competencias requeridas no seu desempeño profesional
		b. Solicitar, especificamente, cursos orientados á adquisición de competencias no uso das TIC
		c. Solicitar unha Unidade de conserxería específica da Facultade
4.3.	Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal	a. Introducir, cando sexa posible, fórmulas de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación

LIÑA ESTRATÉXICA 5. MANTEMENTO E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS PARA A DOCENCIA ACORDE COAS NECESIDADES		
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		ACCIÓNS ESTRATÉXICAS
5.1	Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia	a. Promover a renovación e mantemento dos espazos físicos e o mobiliario, atendendo as necesidades actuais, e prevendo a adaptación as novas necesidades
		b. Comprobar regularmente o estado do equipamento docente das aulas e espazos docentes, e renovar os equipos cando se precise
5.2	Dispoñer de infraestrutura que posibilite a incorporación progresiva do uso das TIC na docencia	a. Dotar os espazos docentes de conexións eléctricas, e incrementar a rede wifi en todos os edificios e espazos docentes da Facultade
		b. Completar o equipamento docente con sistemas de videoconferencia que permitan a conexión en remoto con propósitos docentes
5.3	Dispor de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudiantado	a. Proporcionar o estudiantado espazos de traballo en grupos e espazos de estudo axeitados
		b. Dotar o estudiantado de espazos e de infraestruturas que permitan optimizar o aproveitamento da súa permanencia nas instalacións de acordo aos horarios de actividades do centro
		c. Dotar progresivamente todos os espazos docentes de mobiliario adaptado as necesidades do estudiantado con limitacións de mobilidade

LIÑA ESTRATÉGICA 6.	
TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E RELACIÓN COA CONTORNA SOCIAL	
OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS	ACCIÓNES ESTRATÉGICAS
6.1	Facilitar o acceso á información interna, e os mecanismos de comunicación externa, profundizando na cultura de transparencia
	a. Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa da Facultade,
	b. Mantemento da páxina web actualizada, incluíndo información sobre actividades e resultados de interese social
6.2	c. Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais
	Incrementar o compromiso coa transferencia efectiva de coñecemento cara á sociedade
6.3	a. Fomento da participación dos colectivos da Facultade en programas e actividades de difusión da labor da Psicoloxía en distintos contextos de intervención
	b. Fomentar a colaboración entre o mundo académico e o profesional, de cara a transmisión do coñecemento psicolóxico e das súas aplicacións ao contorno social
	Aliñar as actuacións da Facultade co compromiso institucional da USC coa promoción da igualdade, o respecto a diversidade, e a sostibilidade
	a. Fomento do papel da Comisión de Igualdade da Facultade, tanto na programación académica como na organización de actividades extracurriculares
	b. Inclusión en todas as actuacións da Facultade, nos seus programas e servizos, dos valores de inclusión e o respecto a diversidade.
	c. Fomento do compromiso coa política de tratamento e xestión adecuada de residuos, e co uso racional dos recursos



## ANEXO

Cadros resume dos elementos que acreditan o aliñamento da proposta de Plan Estratégico 2021-2022 da Facultade de Psicoloxía co Plan Plurianual 2019-2022 da USC, e cos seus eixes, obxectivos e accións estratéxicas priorizadas

**Cadro 1: Misión, visión e valores do Plan estratégico da Facultade – Eixes Plan Plurianual**

Visión e Valores do Plan estratégico da Facultade	Eixes do Plan Plurianual 2019-2022 da USC relacionados
<p><b>Visión:</b> Unha Facultade de prestixio, tanto no contexto universitario como na contorna social, que destaque pola súa oferta académica e a súa actividade investigadora e de transferencia.</p> <p><b>Valores:</b> Búsqueda da excelencia nas actividades académicas, de investigación e de transferencia</p>	Eixe 4. SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA
<p><b>Visión:</b> Comprometida coa sociedade, capaz de responder ás demandas cambiantes do exercicio profesional, e de contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural da nosa comunidade.</p> <p><b>Valores:</b> Compromiso coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminación</p> <p>Compromiso co principio de xustiza social que debe rexir unha institución pública nunha sociedade democrática</p>	Eixe 3. POÑERSE O SERVIZO DA SOCIEDADE
<p><b>Visión:</b> Cunha orientación centrada no estudantado e na súa formación, tanto profesional, como ética e persoal.</p>	Eixe 1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO
<p><b>Visión:</b> Comprometida tamén coa actualización formativa e o desenvolvemento da carreira profesional dos seus traballadores/as.</p>	Eixe 2. COMPROMETERSE CO PERSOAL
<p><b>Valores:</b> Compromiso coa transparencia, a eficacia e a sostibilidade na xestión dos recursos</p>	Eixe 6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

**Cadro 2: Liñas, obxectivos e accións do Plan Estratégico da Facultade- Liñas e obxectivos Plan Plurianual/eixes e accións prioritizadas**



Liñas e obxectivos do Plan Estratéxico da Facultade	Liñas e obxectivos do Plan Plurianual 2019-2022 da USC relacionados	Eixes, obxectivos e accións estratéxicas USC priorizadas relacionadas
<p><b>LIÑA ESTRATÉXICA 1</b></p> <p><b>Desenvolvemento e actualización permanente da política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade</b></p> <p>Obxectivos:</p> <p>Elaborar o plan estratéxico da Facultade para a vindeira década</p> <p>Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro</p> <p>Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade</p>	<p>Liña 4.1. Elaborar o plan estratéxico da USC para o período 2021-2030</p> <p>Liña 1.4: Transformar o modelo de xestión da calidade.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Poñer a mellora do proceso docente no centro da xestión da calidade, alixeirando a carga administrativa e simplificando a xestión dos procedementos.</li> <li>- Facer que os sistemas de xestión de calidade fornezan información cada vez máis valiosa e pertinente para a toma de decisións institucionais</li> </ul>	<p><b>Eixo 1, acción 4:</b></p> <p>Intensificar o proceso de implantación efectiva dos Sistemas de Garantía de Calidade, como ferramenta de xestión e aseguramento da calidade</p>
<p><b>LIÑA ESTRATÉXICA 2.</b></p> <p><b>Manter unha oferta formativa actualizada para dar resposta ás necesidades formativas no ámbito da psicoloxía</b></p> <p>Obxectivos:</p> <p>Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico</p> <p>Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade</p>	<p>Liña 4.2 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado. Obxectivo: Adaptar as titulacións existentes ás demandas e retos da sociedade</p> <p>Liña 1.4. Transformar o modelo de xestión da calidade.</p> <p>Obxectivo: Reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados</p>	<p><b>Eixo 1, acción 5:</b> Fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores relacionados coas nosas titulacións</p> <p><b>Eixo 4, acción 12.</b> Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e a identificación dos datos necesarios de cara a facilitar a elaboración dun módulo informático específico para toda a USC</p> <p><b>Eixo 6 acción 20:</b> Levar adiante, en coordinación coa acción global da USC, iniciativas para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudiantado</p>
<p><b>LIÑA ESTRATÉXICA 3.</b></p>	<p>Liña 1.1. Fomentar a dimensión integral na educación.</p> <p>Obxectivos:</p>	<p><b>Eixo 1 acción 1.</b> Levar adiante actividades de orientación laboral para o estudiantado mediante recursos propios e/ou os facilitados pola Vicerreitoría responsable da acción na USC</p>

Liñas e obxectivos do Plan Estratéxico da Facultade	Liñas e obxectivos do Plan Plurianual 2019-2022 da USC relacionados	Eixes, obxectivos e accións estratéxicas USC priorizadas relacionadas
<p><b>Ensinanza centrada no estudantado, fomentando o desenvolvemento dunha formación integral</b></p> <p>Obxectivos:</p> <p>Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular</p> <p>Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais</p> <p>Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento</p> <p>Promover horarios e calendarios que permitan un reparto axeitado da carga de traballo</p>	<p>-Potenciar as competencias cívico-sociais nos aspectos curriculares</p> <p>-Promover os comportamentos éticos no desempeño profesional</p> <p>-Potenciar as competencias para a empregabilidade</p> <p>Liña 1.3. Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado. Obxectivos:</p> <p>-Facilitar a comunicación da universidade co estudantado.</p> <p>-Racionalizar o calendario académico</p>	<p><b>Eixo 1 acción 3.</b> En coordinación coas vicerreitorías responsables, intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado</p>
<p><b>LIÑA ESTRATÉXICA 4.</b></p> <p><b>Atención as necesidades do PDI e PAS</b></p> <p>Obxectivos:</p> <p>Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI</p> <p>Dotar ó centro dun número suficiente de persoal de apoio, e fomentar o proceso de formación continuada do PAS</p> <p>Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal</p>	<p>Liña 2.5 Desenvolver un programa de formación de persoal. Obxectivos:</p> <p>-Definir os contidos do programa de formación e innovación docente para incluír a formación noutros eidos da actividade do PDI</p> <p>-Ampliar un programa de formación para PAS que permita adquirir novos coñecementos e destrezas e facilite a súa promoción profesional e a consolidación de emprego</p> <p>Liña 2.6 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e profesional. obxectivo: Atinxir unha conciliación da vida laboral, familiar e persoal</p>	<p><b>Eixo 4, acción 13:</b> Identificar e propoñer ao CEP e ao IV ciclo cursos breves de actualización de coñecementos e formación permanente relacionados coas titulacións do centro</p>

Liñas e obxectivos do Plan Estratégico da Facultade	Liñas e obxectivos do Plan Plurianual 2019-2022 da USC relacionados	Eixes, obxectivos e accións estratégicas USC priorizadas relacionadas
<p><b>LIÑA ESTRATÉGICA 5.</b>  <b>Mantemento e mellora de infraestruturas e instalacións para a docencia acorde coas necesidades</b>  Obxectivos:  Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia  Dispoñer de infraestrutura que posibilite a incorporación progresiva do uso das TIC na docencia  Dispor de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudantado</p>	<p>Liña 6.1. Optimizar o uso das Infraestruturas.  Obxectivos:  -Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes, establecendo unha planificación plurianual de actuación debidamente priorizada.  -Adequar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado</p>	<p><b>Eixo 6, acción 18:</b> Analizar e propoñer accións respecto as necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión de Infraestruturas</p>
<p><b>LIÑA ESTRATÉGICA 6.</b>  <b>Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social</b>  Obxectivos:  Facilitar o acceso á información interna, e os mecanismos de comunicación externa, profundizando na cultura de transparencia  Incrementar o compromiso coa transferencia efectiva de coñecemento cara á sociedade  Aliñar as actuacións da Facultade co compromiso institucional da USC coa promoción da igualdade, o respecto a diversidade, e a sostibilidade</p>	<p>Liña 5.3 Potenciar a comunicación da USC cara o exterior. Obxectivo: Facilitar o acceso á información e os mecanismos de comunicación  Liña 3.4 Profundizar na cultura da transparencia  Liña 3.3 Avanzar na igualdade e na Sustentabilidade.  Obxectivo: Garantir o respecto á diversidade</p>	<p><b>Eixo 3, acción 8:</b> Incorporar en todas as actividades e servizos no ámbito de responsabilidade do centro os valores da inclusión  <b>Eixo 5, acción 17:</b> Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais</p>